

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR.
CURSO 2021/2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

CENTRO: CPR PLURILINGÜE LOSADA - VIGO

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR. CURSO 2021/2022

PÁXINA 1 DE 10

CENTRO: CPR PLURILINGÜE LOSADA

VIGO

ÍNDICE

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.
2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)
3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.
4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes

Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar

1.1.1. O alumnado que promocioe con materias suspensas deberá seguir un *Plan de Reforzo de materias pendentes* en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e a súa superación segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2021.

1.1.2. Este plan será elaborado polo docente que imparta a materia o curso seguinte a partir do informe elaborado polo docente do curso actual, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

1.1.3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan, facendo os axustes que procedan, ata a avaliación final, na que se decide se obtén avaliación positiva, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.

1.1.4. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna/o, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción:

1.2.1. Promociona o alumnado con todas as materias aprobadas.

1.2.2. Promociona o alumnado con unha ou dúas materias suspensas (contabilizando as materias pendentes), independentemente da materia.

1.2.3. O alumnado con tres ou máis materias suspensas poderá promocionar sempre e cando se cumpran simultaneamente todas estas condicións e así o decida o equipo docente (se non hai unanimidade, decidirse con votación por maioría simple entre os docentes que lle imparten clase), sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

1.2.3.1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

1.2.3.2. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

1.2.3.3. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

1.2.3.4. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

1.2.4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un Plan de Reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación, segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2021, artigo 51.

1.2.5. O alumnado que non promociione e teña que repetir seguirá un *Plan Específico Personalizado*, elaborado segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 (art.52), coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna/o, para tratar de superar as dificultades detectadas.

1.3. Criterios de Titulación

ESO

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa. No caso do alumnado con adaptación curricular os referentes da avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

1.3.1. Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

1.3.2. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran simultaneamente as condicións seguintes:

1.3.2.1. Media aritmética de todas as materias do curso igual ou superior a 5.

1.3.2.2. Adquisición das competencias establecidas.

1.3.2.3. Obxectivos de etapa acadados.

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)

2.1. Criterios xerais

2.1.1.Ed. Primaria:

O equipo docente poderá propoñer a concesión dunha mención honorífica aos alumnos e alumnas que teñan superadas todas as áreas da etapa e obtivesen notas destacadas ao final

da educación primaria nunha ou varias áreas e que acrediten un excelente rendemento académico.

2.1.2. ESO:

2.1.2.1. Poderá concederse como máximo a un número de alumnas/os igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado no 4o curso.

2.1.2. 2. Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a 9 puntos en 4o ESO.

2.1.2.3. O número de alumnado matriculado en 4ºESO determina o número de matrículas de honra que poden conceder:

Nº de alumnado matriculado	Nº de matrículas de honra
De 0 a 29 alumnos e alumnas	1
De 30 a 49 alumnos e alumnas	2
De 50 a 69 alumnos e alumnas	3

2.1.2.4. En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

1. Maior nota media en 4º ESO.
2. Maior nota media na etapa.
3. Maior número de cualificación 10 en 4º ESO.
4. Maior número de cualificación 9 en 4º ESO.
5. Maior número de cualificación 10 na etapa.
6. Maior número de cualificación 9 na etapa.
7. Se persistise o empate concederáse á persoa con notas máis altas en 4º e, se fose necesario, en segundo lugar, na etapa.

2.1.2.5. Esta mención quedará reflectida nos documentos de avaliación do alumnado.

2.1.2.6. En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniráse en sesión extraordinaria para revisar a relación.

.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Procedemento de seguimento da recuperación de materias/ámbitos pendentes.

3.1.1. No marco do proceso de avaliación continua, cando o progreso do alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

3.1.2. **Plan de reforzo das materias pendentes.** O alumnado que promocióne con materias suspensas deberá seguir un *Plan de Reforzo de materias pendentes* en cada unha delas, destinado á súa recuperación, segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2021, artigo 51. 2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

3.1.3 Plan específico personalizado de alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso, segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2021, artigo 52. Ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso. c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

3.2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.

3.2.1. Haberá tres avaliacións parciais con boletín de notas informativo, máis unha avaliación final ao remate das clases, tamén con boletín de notas finais e na que se decidirá a cualificación definitiva das materias, así como a promoción e/ou titulación, por parte do equipo docente. Desaparece a avaliación extraordinaria do mes de setembro.

3.2.2. No período que vai da terceira avaliación (7, 8 e 9 de xuño) ata o último día lectivo (22 de xuño), as clases continúan para todo o alumnado para desenvolver actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Incluso para recuperación de pendentes. O día 23 e 27 de xuño realizaranse as sesións de avaliación final do alumnado da ESO.

3.2.3. Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, cada docente realizará un breve *Informe de Avaliación Individualizado*, a modo de documento interno de centro, no que se recollerá a situación do alumno/a e que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel aplicando os correspondentes criterios de avaliación.

3.2.4. O alumnado que teña as materias aprobadas logo de realizada a terceira avaliación parcial, poderá ser avaliado de novo para mellorar a súa cualificación naquelas unidades didácticas nas que non obtivera a máxima nota. Estas actividades serán avaliadas cos instrumentos de avaliación correspondentes que figuren na programación didáctica. Este alumnado poderá así mellorar a súa cualificación neste período, pero nunca empeoralala xa que iría contra o principio de "reformatio in peius".

3.2.5. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso, conforme aos criterios de avaliación e cualificación recollidos na programación didáctica de cada materia.

3.2.6. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

3.3. Protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.

3.3.1. Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o/a docente de ditas materias realizará un breve *Informe de Avaliación Individualizado* a modo de documento interno de centro (non para entregar).

3.3.2. Neste informe recollerase a situación do alumno/a, servindo de base para o deseño das actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel aplicando os correspondentes criterios de avaliación.

3.3.3. O Informe, tomando como base o currículo da materia, debe recoller os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel, os criterios de avaliación e as actividades de recuperación necesarias para logralo. O Informe recollerá os seguintes apartados:

3.3.3.1 Identificación do alumno/a.

3.3.3.2 Obxectivos e competencias nas que o alumnado non acadou o nivel.

3.3.3.3 Currículo a recuperar, con especificación dos seus criterios de avaliación.

3.3.3.4 Estratexias metodolóxicas e recursos que se empregarán.

3.3.3.5 Actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel.

3.3.3.6 Seguimento e avaliación, que se fará efectiva na avaliación final de curso.

3.4. Modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)

Para a modificación das programacións didácticas, a realizar e facer pública antes do 11 de abril de 2022, cada departamento fará unha Addenda tomando como base este documento, elaborado a partir da Orde de 25 de xaneiro de 2022.

4. Aprobación e publicidade

Aprobación

Indicar o procedemento que o centro adoptou para a aprobación da modificación da concreción curricular no curso 2021/2022.

Esta modificación da concreción curricular do centro no relativo aos criterios xerais para a avaliación, promoción, titulación e outorgamento de matrículas de honra para o curso 2021/22, aprobouse en claustro extraordinario celebrado o venres 8 de abril de 2022.

Publicidade

Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.

Esta modificación da concreción curricular así como a das programacións didácticas dos diferentes departamentos do centro, é feita pública:

O luns 11 de abril de 2022, na páxina web do centro e en comunicación interna ás familias e alumnado a través da Plataforma de Centro, por parte do equipo directivo do centro.

Vigo, a 7 de abril de 2022

Documento aprobado en claustro extraordinario do 8 de abril de 2022.

Clara E. Liz Losada
Directora do CPR Plurilingüe Losada

